

ANTEPROXECTO PLAN DE USOS MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME

1. MARCO TEÓRICO

1.1. OS MERCADOS DE ABASTOS. EVOLUCIÓN:

Os mercados de abastos naceron co obxectivo de garantir as condicións hixiénico sanitarias da venda de produtos en fresco, protexendo á poboación de posibles abusos, garantindo o seu abastecemento e facilitando o intercambio entre produtores e consumidores, ofrecendo aos primeiros un lugar de venda que lles permitía a comercialización das súas producións.

Entre os anos 60 e finais dos 70 do pasado século, co aumento da poboación e o desenvolvemento industrial, os mercados viviron tempos de esplendor, pero durante os anos 80 a crise veu acompañada da aparición de novas áreas de comercialización e supermercados pertencentes a cadeas con maior capacidade de compra que os operadores dos mercados.

Nesta segunda década dos 2000 e grazas ao crecente interese pola gastronomía, os mercados volven a estar no punto de mira. É máis que notoria a tendencia de consumo de “produtos saudables” prestando especial atención á orixe dos produtos, poñéndose o acento na importancia de manter e consumir produtos locais. Neste novo binomio gastronomía-saúde os mercados teñen unha capacidade de proxección máis que notoria, xa que de sempre foron centros de distribución de produto de proximidade e na memoria colectiva seguen a ser identificados como tales. Sen embargo, é necesario evolucionar cara outros modelos acordes coa sociedade actual. Polo tanto debe de facerse fincapé tanto nas melloras arquitectónicas, que permitan garantir as condicións hixiénico sanitarias necesarias ademáis de impulsar un cambio de concepto que afectará a todos os axentes implicados.

1.2. OS MERCADOS E PRAZAS HOXE:

As prazas, ademais de cumprir unha función histórica e de formar parte da cultura popular, son tamén lugares de encontro e sobre todo, centros onde se comercializan produtos de proximidade. Neste sentido as prazas seguen a gozar dunha gran credibilidade asociada ao produto local.

A calidade e proximidade son dúas das razóns principais pola que os clientes valoran para decidirse por este tipo de establecementos e convertirse así, ao Mercado de Ponte deume nun espazo vivo e con futuro.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Cada día son mais as prazas que están intentado revitalizar a súa actividade convertindo estes espazos en lugares máis atractivos e acordes cos gustos actuais, así, aparecen novos servizos pensados para nenos/as ou familias, espazos gastronómicos para fomentar o uso dos produtos de mercado, zonas pensadas para xente nova ou zonas gourmet. Estase a fomentar que as prazas e mercados se convirtn de novo en espazos de encontro das veciñas e veciños, lugares centrais e destacados da vida local, escaparates da gastronomía local e edificios de visita obrigada para todos os seus visitantes. Este último aspecto que contempla a posibilidade de que os mercados pasen a ser tratados como unha peza mais do atractivo turístico, adquire especial importancia no caso de Ponte deume, un mercado situado nun lugar central, próximo á oficina de turismo e dentro dun edificio de arquitectura sorprendente. Débese tamén ter en conta a dispoñibilidade que existe na comarca de produtos locais, tanto en fresco como elaborados, o que acrecenta o valor do Mercado eumés, prestando especial atención a aspectos como horarios e oferta gastronómica dentro do edificio para que este vocación turística se consolide.

2. OS MERCADOS EXCELENTES

Co obxectivo de fixar unha estratexia que permita acadar a calidade, a excelencia e a modernidade dos mercados e prazas de abastos, a Xunta de Galicia puxo en marcha o **Plan de Mercados Excelentes 2016-2020**.

O Plan configúrase como unha folla de ruta a seguir de cara a conseguir a excelencia. Para iso o Plan inclúe unha guía de boas prácticas, dirixida a ofrecer unha definición **dos requisitos, servizos e metodoloxías que debe seguir un mercado para elevar os seus niveis de calidade e acadar así a excelencia**.

A ORDE do 4 de xaneiro de 2017 da Xunta de Galicia ten por obxecto regular o procedemento para a obtención do selo de **Mercado Excelente**, co fin de fixar unha estratexia que permita acadar a calidade, a excelencia e a modernidade dos mercados e prazas de abastos de Galicia.

Estes son os obxectivos de cara a nova apertura do Mercado Municipal de Ponte deume e a súa obtención de Selo de Excelencia transformándoo nun dos eixes do comercio de cercanías adaptándose as novas tendencias de mercado:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Adecuar e mellorar os equipamentos públicos como espazo de centralidade comercial xerando actividades complementarios e constituir un canal de comercialización eficaz de produto fresco derivado do mar, da horta e da gandería.
- Mellora das instalacións, accesibilidade, organización, xestión e servizo á clientela.
- Fomentar o comercio de cercanía e a rexeración do seu entorno potenciando a actividade comercial.
- Destacar e poñer en valor características como a súa modernización e innovación aunándoo co coidado da súa autenticidade e tradición potenciando a actividade comercial.
- Prestar especial coidado á imaxe, presentación de produtos e prestación de servizos complementarios aos clientes.
- Incrementar o seu atractivo e interese turístico.
- Utilización dunha Guía de boas prácticas.

3. O MERCADO DE PONTEDEUME

O **MERCADO DE PONTEDEUME** é un dos edificios máis destacados e visibles de Ponte deume e está emprazado nun lugar central e de recepción e paso de visitantes.

Está dividido en dúas zonas claramente diferenciadas, unha denominada **MERCADO HISTÓRICO** e outra que corresponde a un edificio de nova construción que terá a denominación de **NOVO MERCADO**.

a) O **mercado histórico**, é resultado dun proxecto do arquitecto Antonio Tenreiro de 1941 e dunha ampliación posterior, na que participa o arquitecto Rodolfo Ucha Donate. O seu funcionamento iniciouse nos anos 60 é un exemplo da evolución dos mercados en Galicia, e polo tanto a súa relevancia non ven dada só pola singularidade da súa arquitectura, senón tamén pola súa propia historia e evolución.

Alberga a zona destinada a panadería, florería, froitas, chacinaría, produtos ecolóxicos e produtores alimentarios de proximidade elaborados ou innovadores

b) O **novo mercado**

A nova edificación albergará, a zona destinada a bar, carnicerías, peixerías, ademais de concentrar todos os servizos tanto internos (almacéns, vestiarios, instalacións etc) como os destinados ao público (baños, oficina de atención ao público, zona de lactancia).



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3.1. NUMERACIÓN, USOS E SUPERFICIES NOS POSTOS DO MERCADO:

MERCADO NOVO			MERCADO HISTÓRICO		
Nº	USO	m ²	Nº	USO	m ²
1	GASTROBAR	17,62	7	PRODUTOS LOCAIS	8,35
2	PEIXERÍA	35,24	8	PRODUTOS LOCAIS	8,35
3	PEIXERÍA	34,24	9	FROITERÍA	20,48
4	PEIXERÍA	17,98	10	FLORISTERÍA	20,48
5	CARNICERÍA	26,93	11	PANADERÍA	16,70
6	CARNICERÍA	26,93	12	PRODUTOS LOCAIS	8,35
			13	PRODUTOS LOCAIS	8,35
			14	FROITERÍA	20,48
			15	CHACINARÍA	20,48
			16	ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA	16,70



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3.2. PROPOSTA PLANO ZONA COMERCIAL E ALMACENAXE:



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
 CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
 TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.es

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3.3. DESCRICIÓN E ACTIVIDADES DA ZONA COMERCIAL:

GASTROBAR: Servizo de hostalería ligado aos produtos do mercado. A súa oferta debe de identificarse claramente cos produtos á venda no mercado e a gastronomía local.

PEIXERÍAS: Venda polo miúdo de peixes e mariscos das rías galegas, a oferta pode incluír produtos de piscifactoría sempre e cando a proporción destes non supere a anterior.

CARNICERÍAS: Venda polo miúdo de carnes, debendo incluír a carnes de orixe galego, podendo ofertar outras, sempre e cando non superen as anteriores. A oferta pode incluír tamén calquera elaboración a base de carnes.

FROITAS E VERDURAS: Venda polo miúdo de froitas e verduras, así como elaborados a base destes produtos. A oferta debe incluír produtos da zona.

CHACINARÍA: Venda polo miúdo de embutidos, queixos e xamóns, así como bacallau en folla ou trocado.

FLORERÍA: Venda polo miúdo de flor cortada, plantas, plantón de horta, ou flor de tempada e elaboración de ramos e centros florais.

PANADERÍA: Venda polo miúdo de pans, e elaboracións de panadería e pastelería. A oferta debe incluír pans da zona e doces tradicionais.

PRODUTOS LOCAIS: Espazos reservados para produtores alimentarios de proximidade, sempre e cando estes inclúan elaboración ou sexan innovadores.

PRODUTOS ECOLÓXICOS: Venda polo miúdo de produtos, sexan alimentarios ou non que teñan a certificación ecolóxica.

En Pontedeume, a 8 de agosto de 2019

Angela Piñeiro Carrera
Concelleira de Comercio

Yolanda Vázquez Busto
Concelleira de Turismo

